

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAZO DE MOS PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN.

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Manuel Castro Abalo, con NIF 76857884A, en nome e representación da Fundación Pazo de Mos a cal figura inscrita no Rexistro Fundacións de Interese Galego (Sección cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) co número 2002/15, con domicilio social en Mos, Camiño A Rúa, 1 C.P.36415 Concello de Mos, con NIF G36417251.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por



medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Pazo de Mos é unha Entidade Sen Ánimo de Lucro (ESAL) de ámbito autonómico e con vocación rexional e internacional que naceu en 2006. O obxectivo principal é crear un movemento da poboación local pola difusión da historia, arte e cultura do pobo galego nas súas múltiples manifestacións, na defensa da Carta Internacional dos Dereitos Humanos e da cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 das Nacións Unidas.

A actividade fundamental é a de coordinar proxectos e colaborar con programas sociais e culturais de promoción ou desenvolvemento económico, promovendo a participación, divulgación, creación e formación, xerando alianzas entre institucións e organizacións para contribuír á conservación deste patrimonio, ao benestar social, á saúde e ao desenvolvemento sostible do noso planeta, esenciais para alcanzar unha sociedade próspera.

Os valores destacados nesta comunidade é o legado dos veciños da parroquia de Mos, representados nas entidades da Comunidade de montes veciñais en man común e a Asociación de Veciños Santa Baia de Mos e a súa valoración da conservación do patrimonio e o desenvolvemento cultural, social e medioambiental.

Tamén a complementariedade da actividade fundacional coa actuación das Administracións Públicas mantendo a súa independencia e imparcialidade.

Así mesmo o recoñecemento ao valor do compromiso do voluntariado.

Entidades con membros que compoñen o protectorado na actualidade

Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mos "Salgueirón"

Asociación de Veciños Santa Baia de Mos

Círculo Cultural e Deportivo Santa Eulalia de Mos

Entidades nas que a Fundación ten representación

1. Axencia de Desenvolvemento Rural (Entidades do ámbito público e privado da comarca de Vigo e Baixo Miño).
2. Rede de Dinamización Lingüística (Entidades).
3. Plan anual de calidade (Fundación e Concello de Mos).



4. Mesa do Camiño de Santiago (Empresas, asociacións e Administracións Local e Autonómica).

Planes culturais das Administracións nos que a Función participa

A Fundación ten por obxecto a rehabilitación do seu inmoble denominado Pazo dos Marqueses de Mos, o mantemento e conservación deste ben do patrimonio cultural e histórico galego para a súa posta en valor.

1. Difusión da arte, historia, literatura, ciencia e patrimonio

A longo de ano colabórase con diferentes profesionais en temáticas especializadas, función principal da entidade.

2. Pontegal (DEPO)

Actividades que se desenvolven a través do programa Pontegal en datas importantes na axenda de moitas persoas: Nadal, Ano Vello, Entroido, Letras Galegas, Semana Santa, Día de Galicia,...

3. Programas culturais, de maiores, da lingua e mulleres (DEPO)

Son actividades que atopan sempre na entidade un espazo principal, responden a un espazo inclusivo e seguro onde desenvolverse persoal, social e culturalmente.

4. Musicamos (Concello de Mos)

Responde a promoción de creadores culturais do concello.

5. Rede de Dinamización Lingüística (Consellería de Cultura)

Anualmente esta Administración fai a achega de alomenos dúas representacións teatrais que dan acceso a cultura a diversos segmentos da poboación.

6. Políticas Culturais

7. Proxecto de actividades turísticas complementarias (REAT)

Dinámicas territorio-cultura, como fenómenos territorial destacados que inflúen na identificación cultural: Patrimonio, acontecementos culturais extraordinarios, a función do monte en man común, Turismo, etc.

Dinámica sectorial, atendendo a unha dimensión social ben diferenciada: Valor simbólico na sociedade, presenza histórica e un factor de innovación na vida social, a presenza nos programas culturais así como nos hábitos de consumo cultural, e presenza como referente nos medios de comunicación...

Relación das políticas culturais con outras políticas existentes no territorio (sociais, de xuventude, de emprego e iniciativas,...): coordinación con outras



políticas e as súas institucións: plans integrais, plans estratéxicos, políticas de calidade dos servizos...

8. Proxecto de actividades de voluntariado galego

O fin é colaborar no desenvolvemento de proxectos de promoción de arte e cultura en tódalas súas formas, especialmente na súa vertente educativa e máis transformadora.

A través da participación cidadá na identificación das especies vexetais, os fitos da historia de Mos e da clasificación do fondo bibliográfico relacionada coa arquitectura pancega, a historia e a lingua galega.

9. Iniciativas privadas socio comunitarias

Algúns dos eventos na contorna do Pazo de Mos:

- Romaría de San Brais
- Challengue Rías Baixas
- Andaina: Andar o camiño
- Arde o Pazo
- Conciliación Familiar Semana Santa
- Día das Letras Galegas
- Concentración Renault
- Ciclo de exposicións "en feminino"
- Canto Conto
- Festival Daquelas que cantan
- Festival de Corais
- Día do Socio
- Conciliación Familiar Verán
- Desfile Palilleiras de Mos
- Festival Intercéltico
- Festa do Codillo
- Andaina de lúa chea
- Xornadas Forestais e Micolóxicas
- Programa teatro infantil



- Ciclo de cine
- Budiño Raid
- Belén solidario
- Encontro de corais de Nadal
- Aninovo
- Festa Pre fin de ano

Difusión do proxecto

O primeiro beneficio social do gasto en patrimonio é a posibilidade de acceder ao seu desfrute. É preciso activar unha política de difusión continua do mesmo e xerar una panoplia de ferramentas de información pública.

Impacto social positivo

A nivel local o impacto económico evidenciase. As actividades culturais poden contribuír á economía do territorio en tres sentidos:

En primeiro lugar, porque as actividades culturais son tamén actividades económicas, xeradoras de renda e ocupación.

En segundo lugar, porque estas actividades poden favorecer decisións de localización no territorio para outras actividades económicas ou de profesións cualificadas. Efecto provedor.

En terceiro lugar, polos procesos de aprendizaxe e cambio que o desenvolvemento de redes culturais propicia, facilitándose a configuración de espazos económicos e sociais sensibles aos procesos de innovación produtiva e cambio social, facilitando as dinámicas de adaptación a escenarios cambiantes.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Pazo de Mos para a colaboración nos gastos de funcionamento da Fundación.

Custo total das actuacións: 26.604,14€:

- Gastos de persoal: 17.104,14€



- Gastos de funcionamento da Fundación: 9.500,00 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa a Fundación Pazo de Mos. A actividade fundamental da Fundación é a de coordinar proxectos e colaborar con programas sociais e culturais de promoción ou desenvolvemento económico, promovendo a participación, divulgación, creación e formación, xerando alianzas entre institucións e organizacións para contribuír á conservación do patrimonio, ao benestar social, á saúde e ao desenvolvemento sostible do noso planeta, esenciais para alcanzar unha sociedade próspera.

Por todo o anterior é a Fundación Pazo de Mos a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2022 e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Pazo de Mos

A Fundación Pazo de Mos comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o



Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a aboar a cantidade de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.481.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, código de proxecto 2015 00372.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (26.604,14 €), a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades diminuírase proporcionalmente.

Segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo



á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio.

A cantidade máxima que se realizará como pago anticipado será de 9.600 €. O pagamento restante, 2.400 €, non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 9.600 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4 do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2022

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:



- ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
- ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2022, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.



QUINTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e polo presidente da Fundación.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunhas das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Pazo de Mos de Lema acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos



dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

Román Rodríguez González

O presidente da Fundación Pazo de
Mos

Manuel Castro Abalo

